

# AVISO

## ENQUISA PREVIA AO ACORDO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE ARANTÓN- SANTA SABIÑA (SANTA COMBA – A CORUÑA)

Comunícase aos interesados na concentración parcelaria da zona de Arantón – Santa Sabiña (Santa Comba - A Coruña) que nas datas e lugares abaixo indicados, terán lugar diversas reunións informativas coas que se iniciará a fase de exposición e enquisa pública previa ao acordo de reestruturación parcelaria.

**Día: 5 DE AGOSTO DE 2021 (XOVES)**

- **Hora: 10:30**
- **Lugar: Atrio da Igrexa de Arantón.**
- **Convocados: Propietarios da parroquia de Arantón.**
  
- **Hora: 15:30**
- **Lugar: Atrio da Igrexa de Santa Sabiña**
- **Convocados: Propietarios da parroquia de Santa Sabiña.**

A partir do 5 de agosto iniciarase o período de 1 mes para entregar, ás persoas titulares, o correspondente documento resumo no que se relacionan os predios de substitución que se lles asignan. Os planos quedarán expostos durante este mesmo prazo e tamén se poderá consultar na páxina web da Xunta de Galicia no seguinte enlace:

<https://ovmediorural.xunta.gal/es/consultas-publicas/concentraciones-parcelarias-procesos>

NOTA: Por omisión a páxina mostra a pestana "Procesos", os planos atópanse na pestana "Publicacións"

As persoas afectadas poderán achegar, por escrito e debidamente rexistradas, as alegacións que estimen oportunas durante o referido prazo de 1 mes.

Informarase aos propietarios das datas, lugares e horario nos que o persoal técnico atenderá as súas consultas.

A Coruña,

Ana Cristina Arizón Fanlo  
Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña (sinatura dixital)

Como consecuencia da emerxencia sanitaria provocada polo **Covid-19**, deberanse estreimar as medidas de prevención, polo que:

- **Máscaras:** Será obrigatorio o uso de mascarar.
- **Distancia:** Deberá gardarse unha distancia física interpersonal mínima dun metro e medio.

As persoas que neses días presenten síntomas compatibles cos provocados polo Covid-19, ou estean gardando corentena por ser eles mesmos positivos ou por ser contactos de positivos, non poderán acudir a esta reunión.

